



Acta da Xunta de Escola ordinaria do 16 de decembro de 2016

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 16/12/2016.
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 16/12/2016.
- III. Documentación relativa ao Plan de Calidade da E.T.S. de Enxeñaría de Minas:
 - Evidencia R1 DE03 P1 Informe de Revisión pola Dirección do procedemento de 03 Revisión do Sistema pola Dirección.
 - Anexo 4: Obxectivos de Calidade do Manual de Calidade.

Ábrese a sesión ás 13 horas e 5 minutos, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da ETS de Enxeñaría de Minas, presidida pola Directora, Dona Natalia Caparrini Marín, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 28 de outubro de 2016.

Envíase por correo electrónico xunto coa convocatoria desta Xunta de Escola.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 28 de outubro de 2016.

Unha vez aprobada será publicada definitivamente na sección de DESCARGAS ACTAS E GASTOS de acceso libre da web do centro:

<http://etseminas.uvigo.es/es/descargas-de-documentos/descargas-de-actas-e-gastos/actas-xunta-da-escola/>

2. Informe da Directora

A Directora informa:

- O 28 de outubro a Área de Profesorado da Vicerreitoría Organización Académica e Profesorado solicitou á Escola o nome dunha persoa que levará a cabo a labor de tutorización directa do alumnado con necesidades educativas especiais. Nomeouse como “Responsable de estudantes con necesidades educativas especiais” á profesora Ángeles Saavedra González. A información está actualizada na apartado do PAT da web do centro:

<http://etseminas.uvigo.es/etseminas/calidade/pat/>



Centro certificado FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



- A Comisión de Normalización Lingüística da ETS de Enxeñaría de Minas realizou un estudo para coñecer o grao de uso, coñecemento e actitudes cara ao galego no centro. O devandito estudo levouse a cabo mediante a realización de enquisas durante os meses de setembro e outubro a alumnado de Grao e Mestrado, PAS e PDI. O informe do estudo pódese atopar na web do centro:


<http://etseminas.uvigo.es/es/etseminas/ordenacion-interna/normalizacion-linguistica/>

- O 9 de novembro recibíuse desde a Área de Calidade o informe de resultados correspondente á convocatoria anual (2014-2015) do Programa DOCENTIA das titulacións do centro. A táboa resumo é a seguinte:

	GIE	GIRME	MUIM
Profesorado	67	31	22
Evaluado	54	20	21
Muy Favorable	4	1	1
Favorable	27	13	16
Suficiente	9	3	1
Desfavorable	14	3	3
Sin EAD	4	1	2

Recórdase que os docentes que non tiñan Enquisa de Avaliación Docente (EAD) foron cualificados como desfavorables. Desde a Área de Calidade están a traballar nunha modificación dos baremos para tratar este aspecto.

Recibíuse tamén o informe de resultados da Universidade de Vigo. Amósase un resumo no seguinte gráfico:





Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



- O día 15 de decembro finalizou o prazo para completar a solicitude da I Convocatoria de Avaliación Quinquenal da UVigo para a avaliación da actividade docente do profesorado por medio de DOCENTIA. Os impresos xerados deben ser presentados antes das 14h do día 16 de decembro.

Os expedientes serán avaliados por unha comisión específica para cada ámbito de coñecemento. O límite máximo de solicitudes polo momento é de 250.

O 60% da puntuación obtense pola información proporcionada polo centro e o departamento. O 20% será avaliado por un autoinforme elaborado polo profesor interesado. O 20% restante por un portafolio dunha das materias impartidas.

- O 14 de novembro a Área de Calidade informou que a ACSUG adiaba os prazos de entrega dos informes de seguimento ata o 31 de marzo. Este novo prazo atinxe aos títulos que a Axencia avaliará (7 mestrados). Para os que analiza internamente a Universidade, 53 este ano, precísase que se envíen antes do 28 de febreiro.

En calquera caso está previsto empezar a traballar xa cos informes de seguimento do curso 2015-16.

- O 21 de novembro a Área de Calidade informou a todo o profesorado da Universidade de Vigo de que xa están dispoñibles para a súa consulta os resultados definitivos das Enquisas de Avaliación Docente (EAD) do curso 2015-2016. O procedemento para acceder aos resultados é a través da Secretaría virtual/ Acceso aos informes de avaliación docente/ Curso.

- Do 16 ao 18 de novembro a Escola participou cunha caseta en Galicia, feira celebrada no recinto do Parque Tecnolóxico de Galicia en Ourense. Na devandita feira presentáronse proxectos científicos desenvolvidos por alumnos de centros de primaria e secundaria. As visitas de grupos escolares de toda Galicia superaron as 2.000. A actividade foi coordinada polo subdirector Higinio González Jorge ao cal a dirección agradece o traballo realizado.

- Os días 18 e 19 de novembro celebrouse na aula de Grao da ETSE de Minas, en colaboración con ACLUXEGA, o “Curso de Introducción ás Perforacións Xeotérmicas”, de 15 horas de duración. Un curso de gran interese para os nosos titulados posto que as instalacións xeotérmicas están suxeitas ao RXNBSM (Regulamento Xeral de Normas Básicas de Seguridade Mineira). Este é o último curso que se celebrará na Escola dentro do convenio asinado entre ACLUXEGA e o INEGA. A dirección espera continuar coa colaboración co clúster.



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



- Enviouse un aviso o 4 de novembro ao profesorado informando de que a data límite para efectuar o gasto do presuposto asignado ás áreas neste centro era do 18 de novembro de 2016.

- O aforro no 2016 en partidas como comunicacións telefónicas, dietas, material de oficina, atencións protocolarias... permitiron a fin de ano levar a cabo, entre outros, os seguintes gastos: acolchado de bancadas en aula, mobles auxiliares para o Negociado, pagos da Semana da Ciencia, adquisición doutros bens funxibles menores como merchandising para a Escola (bolsas, cuncas), así como outro material electrónico de reposición.

Estas tarefas foron coordinadas polo subdirector David Patiño Vilas co apoio da Administradora do Ámbito Tecnolóxico, Ana Cacheiro Seguí, aos cales a dirección agradece o traballo realizado.

- Do 21 ao 25 de novembro celebrouse na ETS de Enxeñaría de Minas da Universidade de Vigo a Semana da Ciencia, baixo o lema: “Enerxía, Materiais e Medio Ambiente: uso sustentable dos recursos”. O número oficial de inscritos foi de 650 persoas de 21 centros. A actividade contou coa presenza do Reitor na súa inauguración.

Agradecemos a colaboración e axuda do Consello Social da UVigo, a Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais, a Cámara Oficial Mineira de Galicia, o Colexio Oficial de Enxeñeiros de Minas do Noroeste, o Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos de Minas de Galicia, o Instituto Xeolóxico Mineiro de España (IGME), a Asociación Clúster da Xeotermia de Galicia (ACLUXEGA) e a Asociación Galega de Áridos (AGA).

A actividade foi coordinada pola subdirectora María Araújo e contou co traballo, o cal é agradecido, de 30 persoas entre alumnado, PDI e PAS:

Profesorado ETSEM: Carmen Pérez Pérez, David Patiño Vilas, Enrique Granada Álvarez, Higinio González Jorge, Javier Taboada Castro, Marta Cabeza Simó, Natalia Caparrini Marín, Pedro Arias Sánchez, Teresa Rivas Brea, Benito Vazquez Dorrio.

Alumnado ETSEM: Jesús Balado Frías, Eduardo Ramos Muguerza, Iván Otero González, David Álvarez González, Aránzazu Pintos Alonso, Beatriz Guitián Saco, María Veiga Ríos, Diana Barral Rey, Ignacio Pérez Rey, Iván Velerior Pinal, Sergio Búa Fernández, Uxía Castro Filgueira, Denis Barros Caballero, Carolina Rodríguez Hermida, Carla Carballal Abal.



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



Personal de Apoio e Servizos ETSEM: Arturo Martínez Fernández, Beatriz Mosteiro García, Jesús García Caurel, Jorge Souto Santomé, José Paz López, M^a Carmen Romo Pérez.

Toda a documentación atópase en:

<http://etseminas.uvigo.es/etseminas/semana-ciencia/>

- O 23 de novembro a dirección asistiu á “Xornada Orientación Académica e Profesional” organizada polo SIOPE para os orientadores de centros de ESO de Galicia. A xornada consistiu nunha rolda de preguntas para os centros da universidade organizados en mesas por ámbitos de coñecemento. A ETSE de Minas participou xunto con Enxeñaría Aeroespacial, Enxeñaría Forestal, Enxeñarías Industriais e Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación. Posteriormente organizouse unha quenda de preguntas noutra mesa formada con alumnos e egresados dos centros. A dirección agradece a participación de Carlos Llovo Vidal e Raquel Pérez Orozco.
- O 24 de Novembro a dirección asistiu invitada á “Gala dos II Premios á Divulgación e a Promoción da Xeotermia-ACLUXEGA” celebrada na Sede da Confederación de Empresarios de Ourense. Nesta gala, ademais da pertinente entrega dos premios e recoñecementos e da presenza e intervencións das correspondentes autoridades, impartíuse a conferencia “Galicia. Un potencial geotérmico de gran importancia apenas aprovechado” pronunciada por Don Celestino García da Noceda do Instituto Geolóxico e Minero de España.
- O 29 de novembro recibíuse a resolución polo que se publica a listaxe definitiva de solicitudes admitidas e excluídas da convocatoria para implantar Plans de Internacionalización nos centros da Universidade de Vigo a partir do curso 2017-18. Todos os plans solicitados foron admitidos. Hoxe mesmo, 16 de decembro, solicitaron aos centros información sobre as materias ofertadas en inglés para o primeiro ano de implantación e ampliouse o prazo de resolución da convocatoria ata finais de febreiro.
- Con motivo da festividade de Santa Bárbara, patroa da ETSE de Minas, impartíuse o día 1 de decembro ás 12h na Aula de Grao da Escola a conferencia “Mina&Agua” por Don Álvaro Fernández García, do Departamento de Peche e Vixilancia de Activos de Lignitos de Meirama, S.A. de Gas Natural Fenosa. A continuación interveu Don Juan José Fernández Díaz, Decano do Ilustre Colexio Oficial de Enxeñeiros de Minas do Noroeste, que falou sobre o Colexio e as saídas profesionais da Enxeñaría de Minas. O acto finalizou coa entrega por parte do ICOEMN do premio ao mellor expediente da I Promoción do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas que recaeu sobre a alumna Raquel Pérez Orozco. A dirección felicita á premiada e agradece a colaboración recibida.



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



- Un ano máis e tamén con motivo da festividade de Santa Bárbara, o día 2 de decembro celebrouse a VII Carreira Popular nas instalacións deportivas da UVigo. A participación aproximada foi de cincuenta corredores con 1 kg de alimento non perecedeiro como inscrición. A actividade foi coordinada polo subdirector David Patiño Vilas e contou co traballo, o cal é agradecido, dos seguintes alumnos da Escola: Eva Álvarez, Iván Gándara, Ángel Balbás Calvo, Laura Cabaleiro, Alicia Caamaño, Carlota Sánchez Alonso, Patricia Merino, Antia Fernández Boga, Raquel Pérez Orozco. O resultado destes actos foi recollido polo DUVI e outros medios de comunicación. A dirección agradece o traballo realizado.
 - O 4 de decembro a Escola participou nos actos conmemorativos de Santa Bárbara organizados pola Cámara Oficial de Minería de Galicia en Santiago de Compostela. A esta celebración asisten, como ven sendo habitual, empresarios e interlocutores do sector industrial e mineiro así como representantes da Administración vinculados a ETSEM. En representación da Escola asistiu o profesor Javier Taboada Castro. A dirección agradece a súa participación.
 - Nese mesmo acto celebrábase a X edición dos Premios Santa Bárbara. A Escola, xunto coa Escola de Minas de Madrid, apoiou a candidatura presentada pola Sociedad Española para la Defensa del Patrimonio Geológico y Minero (SEDPGYM), de propoñer a Don Enrique Orche García na categoría de Traxectoria.

Finalmente o premio non foi concedido, pero a candidatura será tida en conta en futuras convocatorias de Premios Santa Bárbara.
 - Do 28 de novembro ao 15 de decembro de 2016 a ETSEM participou na campaña de recollida de xoguetes para Nadal. Ademais, con motivo da carreira popular, recolleuse unha gran cantidade de alimentos para entregar a unha ONG. Adiouse o prazo para a recollida de alimentos ata o 16 de decembro, habilitándose unhas caixas no hall de entrada da Escola para a recollida.
 - O Tribunal do Premio Extraordinario Fin de Carreira nas titulacións do centro correspondente ao curso académico 2014-2015 propuxo, de acordo coa información achegada pola Área Académica referida aos expedientes do alumnado que finalizou os estudos nese curso, ás seguintes persoas:
 - Grao de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos: Don Luís Gandarela Campos.
 - Grao de Enxeñaría da Enerxía: Don José Ignacio Igrexas Prado.
- O Premio Extraordinario para a titulación de Enxeñeiro/a de Minas quedou deserto xa que ningún alumno cumpría os requisitos para participar.



- Hai un ano comezaron as tarefas de adaptación de accesibilidade da web do centro de acordo cos últimos informes de seguimento dos títulos da ETSEM que recordan que varios decretos e leis establecen que as páxinas web das Administracións Públicas deben ser accesibles para garantir o acceso universal e non discriminar a ningún cidadán.

O proceso de migración dos contidos da web do centro para acadar a accesibilidade AA finalizou a semana pasada.

Dita migración supuxo un cambio no formato da web e detectáronse algúns problemas (velocidade lenta, vínculos mal establecidos, arquivos que non se poden abrir, despregables incómodos...). Estase traballando para emendar estes problemas. Rógase que se alguén detecta algo ou quere facer algunha suxestión o comunique no Negociado.

Os encargados de actualizar os últimos contidos e realizar unha revisión exhaustiva da web foron Benito Vázquez e Iván Veleiro. A dirección agradece o gran traballo realizado sobre todo nestes dous últimos meses.

- O 1 de decembro informouse favorablemente sobre o cambio de nome da Escola no Consello Galego de Universidades. Só queda o último paso que é a aprobación da Xunta de Galicia e posterior remisión ao RUCT, publicación no DOG e comunicación á Conferencia Xeral de Política Universitaria. Hai Consello da Xunta todos os xoves, así que a dirección espera que en breve sexa aprobado e déase por finalizado o proceso.

3. Aprobación, se procede, de informes sobre a actividade docente para o recoñecemento de quinquenios de docencia.

O venres 2 de decembro rematou o prazo para solicitar no Negociado de Asuntos Xerais da Escola os informes sobre a actividade docente na ETSE de Minas .

Solicitaron informe sobre a súa actividade docente os/as seguintes profesores/as:

NOMBRE	ÁREA	PERÍODO
Don Pedro Arias Sánchez	Enxeñaría cartográfica, xeodésica e fotogrametría	04-12-2011 / 03-12-2016
Dona Aida Badaoui Fernández	Mecánica dos medios continuos e teoría de estruturas	09-10-2011 / 08-10-2016
Don José Benito Bouza Rodríguez	Expresión Gráfica na Enxeñaría	29-11-2011 / 28-11-2016
Dona Natalia Caparrini Marín	Prospección e investigación mineira	15-03-2011 / 14-03-2016
Dona María Julia Cristóbal Ortega	Ciencia dos materiais e enxeñaría metalúrxica	19-10-2011 / 18-10-2016




NOMBRE	ÁREA	PERÍODO
Don Eloy Díaz Dorado	Enxeñaría eléctrica	04-12-2011 / 03-12-2016
Don José Bienvenido Díez Ferrer	Estratigrafía	29-03-2011 / 28-03-2016
Don Pablo Eguía Oller	Máquinas e motores térmicos	20-10-2005 / 01-11-2016
Don Andrés Elías Feijoo Lorenzo	Enxeñaría eléctrica	04-12-2011 / 03-12-2016
Dona María Gloria Fiestras Janeiro	Estatística e investigación operativa	23-11-2011 / 22-11-2016
Don Guillermo García Lomba	Matemática aplicada	23-01-2011 / 22-01-2016
Don Higinio González Jorge	Enxeñaría cartográfica, xeodésica e fotogrametría	01-01-2010 / 31-12-2016
Dona Begoña González de Prado	Enxeñaría química	01-09-2014 / 31-12-2016
Don Alfonso Mandado Vázquez	Organización de empresas	01-10-2011 / 30-09-2016
Dona Elena Martín Ortega	Mecánica de fluídos	01-01-2012 / 31-12-2016
Dona Blanca Nieves Miranda Blanco	Enxeñaría eléctrica	04-12-2011 / 03-12-2016
Don Diego Moldes Moreira	Enxeñaría química	01-09-2016 / 30-11-2016
Don Xosé Ramón Nóvoa Rodríguez	Enxeñaría química	01-01-2012 / 31-12-2016
Dona M ^a del Carmen Pérez Pérez	Ciencia dos materiais e enxeñaría metalúrxica	15-10-2011 / 14-10-2016
Dona M ^a Consuelo Pérez Vázquez	Ciencia dos materiais e enxeñaría metalúrxica	30-11-2011 / 01-12-2016
Dona Julia Serra Rodríguez	Física aplicada	09-10-2011 / 09-10-2016
Don José Antonio Sueiro Domínguez	Enxeñaría eléctrica	28-10-2011 / 28-10-2016
Dona Ana M ^a Ulla Miguel	Astronomía e astrofísica	21-04-2011 / 20-04-2016
Don José Benito Vázquez Dorrió	Física aplicada	01-10-2011 / 30-09-2016
Don Manuel Vázquez Vázquez	Máquinas e motores térmicos	22-11-2011 / 21-11-2016
Don Rafael Verdugo Matés	Electrónica	16-05-2011 / 16-05-2016
Don Javier Vijande López	Física aplicada	03-08-2011 / 03-08-2016
Dona María Remedios Yañez Díaz	Enxeñaría química	16-02-2004 / 31-12-2016

Revisada a documentación dispoñible no centro, conséntase que non existen incidencias do profesorado solicitante. Estes informes sobre a actividade docente foron aprobados previamente na Comisión Permanente celebrada o 12 de decembro de 2016.

Lémbrese que o prazo de presentación de solicitudes para o recoñecemento de quinquenios remata o 2 de xaneiro. Toda a información relativa sobre esta convocatoria está dispoñible en: http://persoal.uvigo.es/persoal_es/PDI/info/quinquenios.html

A Xunta de Escola aproba por asentimento informar favorablemente sobre a actividade docente dos profesores antes citados para o recoñecemento de quinquenios de docencia.



4. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento de TFG da ETSE de Minas.

A directora fai unha descrición pormenorizada das modificacións que se están a propoñer.

Ábrese un debate no cal interveñen varios membros da Xunta de Escola. Intercámbiase opinións sobre a conveniencia de limitar a extensión máxima das memorias e sobre como podería procederse con respecto a este punto. Fanse distintos comentarios sobre se a extensión debe ser orientativa, se é conveniente fixar tamén o tamaño da fonte e o interliñado...

Algúns alumnos sinalan que non dispuxeron de suficiente tempo como para estudar as modificacións propostas e solicitan que se lles envíe a normativa antiga para poder comparala.

Finalmente decídese aprazar a modificación para outra Xunta de Escola. Falarase cos representantes de alumnos para tratar de chegar a un consenso.

5. Substitución, se procede, dun membro na Comisión Académica do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas.

Debido a que o profesor Don José Benito Vázquez Dorrió non é membro da Xunta de Escola, propónse a súa substitución, como representante da Comisión de Calidade, pola profesora Dona Teresa Rivas Brea.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a substitución.

6. Aprobación, se procede, da solicitude de apertura dun procedemento de información reservada sobre un incidente producido na Escola

O 9 de novembro o profesor [REDACTED] falou coa directora da ETSEM para expoñerlle os seguintes sucesos:

Ao dirixirse á aula M213 onde tiña que impartir clase ao grupo de terceiro de EE, observou que algúns alumnos estaban fumando no exterior da Escola e que mantiña a porta do corredor aberta. O profesor pediulles que pechasen a porta. O profesor afirma que, a raíz de isto, o alumno [REDACTED] acabou faltándolle ao respecto e insultouno diante do resto dos alumnos.

O profesor [REDACTED] enviou un escrito á dirección informado dos feitos e sinalando que se o alumno pedíalle desculpas diante do resto de alumnos estaba disposto a non presentar unha queixa formal. Informado o alumno deste feito, este decide que non está disposto a presentar a súa desculpa.



Centro certificado
FIDES-AUDIT

Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



Ante os feitos expostos, a Xunta de Escola aproba por asentimento a solicitude de apertura dun procedemento de información reservada que será enviada á Secretaría Xeral a cal decidirá se procede nomear un comité instrutor.

O alumno Don Marcos González Bello pide desculpas ao profesor por parte do alumnado.

7. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da E.T.S. de Enxeñaría de Minas.

Enviouse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta Xunta de Escola.

Esta documentación foi aprobada na Comisión de Calidade celebrada previamente.

A directora comenta o contido da Evidencia R1 DE03 P1 Informe de Revisión pola Dirección do procedemento DE 03 Revisión do Sistema pola Dirección (Anexo III).

O profesor Don Eduardo Liz Marzán comenta que detectou algunhas erratas no documento, as cales serán comunicadas para que poidan ser corrixidas.

Apróbbase por asentimento, suxeito ás correccións mencionadas, o Informe de Revisión pola Dirección que será publicado na web do centro:

<http://etseminas.uvigo.es/etseminas/calidade/sgic/evidencias/>

A directora amosa o Anexo 4: Obxectivos de Calidade do Manual de Calidade (Anexo III). Este documento foi remitido previamente á Área de Calidade para á súa revisión. Todas as correccións suxeridas desde esta área foron incluídas na versión enviada á Xunta de Escola.

Apróbbase por asentimento os Obxectivos de Calidade que será publicado na web do centro:

<http://etseminas.uvigo.es/etseminas/calidade/sgic/manual/>

8. Rogos e preguntas

A alumna Dona Mariola Juncal Rosales comenta que os alumnos de segundo curso do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas non dispoñen, a día de hoxe, de listaxe de ofertas de TFM nin de Prácticas Externas. A coordinadora do Máster, Dona Elena Alonso Prieto, informa de que se están a preparar para que estean dispoñibles o próximo mes de xaneiro.

O alumno Don Víctor Pérez Sanmamed solicita que as toponimias utilizadas na Xunta de Escola sexan todas en galego.



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

[http://etseminas.uvigo.es/
xnaxm@uvigo.es](http://etseminas.uvigo.es/xnaxm@uvigo.es)



Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14 horas e 5 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a dezaseis de decembro de dous mil dezaseis.

Vº e Prace

A Directora

A Secretaria

Natalia Caparrini Marín

Ángeles Saavedra González

Dilixencia para facer constar que, segundo se aprobou na Xunta de Escola ordinaria do 30 de xaneiro de 2017, esta acta correspondente á sesión celebrada o día 16 de decembro de 2017 modifícase no punto 6 da orde do día no que se refire á aprobación, se procede, da solicitude de apertura dun procedemento de información reservada sobre un incidente producido na Escola, e :

- Os parágrafos

“O 9 de novembro o profesor [REDACTED] foi falar coa directora da ETSEM para expoñerlle os seguintes sucesos:

Ao dirixirse á aula M213 onde tiña que impartir clase ao grupo de terceiro de EE, observou que algúns alumnos estaban fumando no exterior da Escola e que mantiña a porta do corredor aberta. O profesor pediulles que pechasen a porta. O profesor afirma que, a raíz de isto, o alumno [REDACTED] acabou faltándolle ao respecto e insultouno diante do resto dos alumnos”

Substitúense por:

“O 9 de novembro o profesor [REDACTED] foi falar coa directora da ETSEM para expoñerlle os sucesos recollidos no Anexo IV”.

- Engádesse o **Anexo IV: Escrito recibido na dirección sobre incidente acaecido na Escola.**

Vigo, 30 de xaneiro de 2017

A Secretaria

Ángeles Saavedra González



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 16/12/2016



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 16/12/2016



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



Profesorado	
1.	Alejano Monge, Leandro
2.	Alonso Prieto, Elena
3.	Álvarez Vázquez, Lino José
4.	Araújo Fernández, María
5.	Caparrini Marín, Natalia
6.	Correa Otero, Antonio
7.	Correa Otero, José María
8.	Eguía Oller, Pablo
9.	García Bastante, Fernando
10.	González Jorge, Higinio
11.	González Rodríguez, Elena
12.	Iglesias Comesaña, Carla
13.	Liz Marzán, Eduardo
14.	Patiño Vilas, David
15.	Pérez Pérez, Carmen
16.	Saavedra González, Ángeles
17.	Taboada Castro, Javier
18.	Vázquez Vázquez, Manuel
19.	Vijande López, Javier
Alumnado	
20.	Blanco Losada, Iago
21.	Campos otero, José Manuel
22.	Carrillo Pérez, Rosalía
23.	Faro Malvar, Diego
24.	González Bello, Marcos
25.	Juncal Rosales, Mariola
26.	Pérez Sanmamed, Víctor
27.	Veleiro Pinal, Iván
PAS	
1.	Romo Pérez, M ^a del Carmen

Total membros Xunta de Escola:	50
Asistentes:	28

Escusan a súa ausencia: Don José Bienvenido Díez Ferrer e Don Andrés Elías Feijoo Lorenzo.



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205

Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>

xnaxm@uvigo.es



ANEXO III

Documentación relativa ao Plan de Calidade da ETS de Enxeñaría de Minas

- **Evidencia R1 DE03 P1 Informe de Revisión pola Dirección do procedemento DE 03 Revisión do Sistema pola Dirección**
- **Anexo 4: Obxectivos de Calidade do Manual de Calidade**



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



ANEXO IV

Escrito recibido na dirección sobre incidente acaecido na Escola